

Medioambiente

EXPEDIENTE.- 2021/E001/000015

PROCEDIMENTO.- Convocatoria de Selección Personal Laboral

ASUNTO.- APROBACION LISTAXE DEFINITIVA ADMITIDAS/OS EXCLUIDAS/OS AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL

Na Casa do Concello de Arteixo (A Coruña), o Alcalde-Presidente, D. Carlos Calvelo Martínez, no exercicio das competencias que lle foron conferidas na Resolución da Alcaldía nº 1513/2021 de data 7 de Xuño do 2021, ante min, Secretaria Accidental, dicta a presente **RESOLUCIÓN:**

ANTECEDENTES.-

En base ás competencias do artigo 21.1 da Lei 11/99 de modificación da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local e, de conformidade ao establecido polo Real Decreto Lei 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007 de 13 de abril do Estatuto do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

E segundo o estipulado na convocatoria e bases reguladoras do proceso para a cobertura en propiedade dunha praza de AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL, persoal laboral fixo, do Concello de Arteixo, polo procedemento de concurso-oposición aprobadas por Decreto número 684/2021 de 17 de marzo de 2021. Por todo o exposto,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as no devandito proceso selectivo, de conformidade coa listaxe de seguido referida:

ADMITIDOS/AS:

1. GARCIA MALLO, IRENE
2. LAMAS BECEIRO, MÓNICA
3. LOPEZ TUSET, JULIA
4. PIÑEIRO GONDAR, BEATRIZ
5. RODRIGUEZ VENTUREIRA, CESAR

EXCLUÍDOS/AS:

1. OUSINDE VAZQUEZ MONICA (falta acreditación pago de taxas ou certificado acreditativo da exención do pago das mesmas)

SEGUNDO.- Convocar aos membros do Tribunal designado por Decreto número 2071/2021, de data 22/07/2021 para a constitución do mesmo e inicio do proceso selectivo o vindeiro 24 de setembro de 2021, ás 09:00 horas, no Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Arteixo.

TERCEIRO.- Convocar ás/aos aspirantes admitidas/os, en chamamento único, na mesma data e lugar, 24 de setembro de 2021, no Salón de Plenos da Casa Consistorial, para a realización do primeiro exercicio, ás 12:30 horas.

CUARTO.- Determinar como MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SEGURIDADE da actual situación sanitaria, de obrigado cumprimento, as seguintes:

.- Os/as aspirantes deberán vir provistos obrigatoriamente de mascarilla quirúrxica ou equivalente (fpp2 homologada) . No control de acceso, os membros do tribunal quedan habilitados para solicitar a substitución dunha mascarilla non quirúrxica , facilitando unha municipal ao opositor/a . A negativa de uso obrigatorio de mascarilla ou de substitución da mesma pola mascarilla quirúrxica facilitada, significará a imposibilidade de acceder ao recinto de exame, resultando directamente como Non presentado/a.

.- Os/as aspirantes deberán vir provistos do seu propio bolígrafo azul e demais material de escritura que consideren necesario.

.-Os/as aspirantes deberán facer uso obrigatorio do xel hidroalcohólico posto a disposición á entrada e á saída do exame.

QUINTO.- Dar traslado ao departamento de persoal para que procedan a inmediata publicación no BOP, taboleiro de edictos e na web municipal.

SEXTO.- Dar traslado aos membros do Tribunal cualificador, titulares e suplentes, xunto con copia das bases da convocatoria.

En Arteixo, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde-Presidente, do que eu, Eva María Montes Fernández, como Secretaria Accidental, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).